

**ACTA DA COMISIÓN INFORMATIVA ORDINARIA DE CULTURA, EDUCACIÓN,
PATRIMONIO HISTÓRICO, DOCUMENTAL E LINGÜÍSTICO**

A Comisión Informativa de Cultura, Educación, Patrimonio Histórico, Documental e Lingüístico reúnese con carácter ordinario no Pazo provincial ás 12:25 h do día 20 de febreiro de 2026, baixo a presidencia de **D. JORGE CUBELA LÓPEZ** e a asistencia dos seguintes deputados e deputadas: **D. RAFAEL DOMÍNGUEZ ARTIME, D.ª LUISA MARÍA SÁNCHEZ MÉNDEZ, D. RICARDO MARTÍNEZ CHANTADA, D.ª MARÍA PILAR RAMALLO VÁZQUEZ, D. MANUEL ALEJANDRO LORENZO ALONSO, D. JUAN PABLO CASTILLO AMIGO, D. JESÚS VÁZQUEZ ALMUÍÑA, D. MARCOS GUIASOLA PADÍN, D. GREGORIO LUÍS AGÍS GÓMEZ, D.ª DIGNA ROSA RIVAS GÓMEZ, D. PACO FERREIRA GONZÁLEZ, D.ª NURIA RODRÍGUEZ RODRÍGUEZ, D. GORKA GÓMEZ DÍAZ, D. JAVIER IGLESIAS MOUGÁN, D. XOSÉ CESÁREO MOSQUERA LORENZO e D.ª MARÍA ORTEGA IÑARREA**, coa seguinte orde do día:

1.- LECTURA E APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR

Non existe ningún reparo e apróbase por unanimidade a acta da sesión do día 23 de xaneiro de 2026.

2.- DAR CONTA DAS BASES REGULADORAS PARA O ANO 2026 DO PROGRAMA “+MÚSICA” DE APOIO Á PROGRAMACIÓN ARTÍSTICA PROFESIONAL EN GALEGO NOS CONCELLOS DA PROVINCIA DE PONTEVEDRA (Expte. 2026001124 e 2022067328)

O presidente dá conta das bases reguladoras do programa “+Música”, de apoio á programación artística profesional en galego nos concellos da provincia de Pontevedra, aprobadas pola Xunta de Goberno desta Deputación na súa sesión ordinaria do 6 de febreiro de 2026 e publicadas no BOPPO núm. 27, de 10 de febreiro de 2026. Estas bases teñen por obxecto aprobar a convocatoria 2026 do programa “+Música” e regular os criterios de concesión das solicitudes de actuación de grupos do catálogo “+Música” que se desenvolverán na provincia de Pontevedra, entre o 15 de abril e o 31 de decembro do presente ano, con cargo á aplicación 26/330.3340.226.30 por un importe total de setecentos mil euros (700.000,00 €).

Beneficiaranse deste programa os concellos da provincia de menos de 50.000 habitantes, co seguinte cofinanciamento: a Deputación aboará o 100% do caché do espectáculo dos grupos ou artistas e o concello aboará a produción técnica das actuacións. As asignacións das actuacións resolveranse por orde de rexistro de entrada das solicitudes presentadas en atención aos seguintes condicionantes:

1. A cada concello interesado concederáselle, como mínimo, unha actuación.
2. O número máximo de actuacións que poderá realizar cada grupo ou artista será de catro.
3. Os concellos solicitantes non poderán solicitar o mesmo grupo ou artista que lle autorizaran nas dúas últimas convocatorias do programa.



A adxudicación das actuacións será directa, sempre que se cumpran os condicionantes indicados, nos seguintes supostos:

- No caso de que se solicite unha única actuación e o caché do grupo ou artista elixido como primeira opción non supere o importe de 12.000,00 €.
- No caso de que se soliciten máis dunha actuación e a suma dos cachés dos grupos ou artistas non supere o importe de 12.000,00 €.

O prazo de solicitude para os concellos será dende o 20 de febreiro ao 5 de marzo de 2026, ambos os dous incluídos.

3.- DAR CONTA DAS BASES DE SUBVENCÍONS DIRIXIDAS A ENTIDADES SEN FINS DE LUCRO PARA O APOIO AO DESENVOLVEMENTO DE FESTIVAIS AUDIOVISUAIS NA PROVINCIA DE PONTEVEDRA NO ANO 2026 (Expte. 2026001811)

O presidente dá conta das bases de subvencións dirixidas a entidades sen fins e lucro para o apoio ao desenvolvemento de festivais audiovisuais, publicadas no BOPPO núm. 24, do 5 de febreiro de 2026, que teñen por obxecto aprobar o procedemento polo que se rexerá a concesión, o seguimento e a xustificación de axudas para a organización de festivais ou certames cinematográficos de prestixio que teñan lugar na provincia de Pontevedra e que lles dediquen especial atención á programación e á difusión do cine galego e ás demais variantes lingüísticas de produción, así como a súa convocatoria para o ano 2026.

A concesión das subvencións, por concorrencia competitiva, estará suxeita á dispoñibilidade orzamentaria, para as que se destinou un importe total de douscentos mil euros (200.000,00 €) con cargo á aplicación orzamentaria 26/330.3340.489.05. O prazo de solicitude é de 1 mes contado a partir do día seguinte ao da publicación.

4.- DAR CONTA DAS BASES DE SUBVENCÍONS DIRIXIDAS A ENTIDADES SEN FINS DE LUCRO PARA O APOIO AO DESENVOLVEMENTO DE FESTIVAIS MUSICAIS E DE ARTES ESCÉNICAS NA PROVINCIA DE PONTEVEDRA NO ANO 2026 (Expte.2026001816)

O presidente dá conta das bases de subvencións dirixidas a entidades sen fins de lucro para o apoio ao desenvolvemento de festivais musicais e de artes escénicas, publicadas no BOPPO núm. 29, de 12 de febreiro de 2026, que teñen por obxecto a probar a convocatoria para o ano 2026 pola que se rexerán a concesión, o seguimento e a xustificación de axudas para a organización de festivais ou certames musicais e teatrais de prestixio na provincia de Pontevedra, que lles dediquen especial atención á programación e á difusión da música e do teatro galegas e que se levasen a cabo como mínimo en tres edicións consecutivas nos últimos catro anos. Rexeranse por concorrencia competitiva e segundo uns criterios de valoración.

Estas axudas, que se convocarán con cargo á aplicación orzamentaria 26/330.3340.489.05 por un importe total de douscentos mil euros (200.000,00 €), repartidos en dúas liñas de actuación:



- Liña 1: Festivais musicais: 150.000,00 €
- Liña 2: Festivais de artes escénicas: 50.000,00 €

O importe máximo que se conceda non poderá superar o 75 % do orzamento presentado e o prazo de solicitude será de 1 mes, contado a partir do día seguinte ao da publicación da convocatoria no BOPPO e na BDNS.

5.- DAR CONTA DAS BASES REGULADORAS DE SUBVENCÍONS EN CONCORRENCIA COMPETITIVA PARA EDICIÓNS DIRIXIDAS A ENTIDADES SEN ÁNIMO DE LUCRO PARA O ANO 2026 (Expte. 2025080383)

O presidente dá conta das bases reguladoras de subvencións en concorrência competitiva para edicións dirixidas a entidades sen ánimo de lucro para o ano 2026, publicadas no BOPPO núm. 22, do 3 de febreiro de 2026, que teñen por obxecto aprobar e regular o procedemento de concesión destas axudas destinadas á edición en formato papel, audiovisual ou mixto, que se editen en galego normativo durante o período comprendido entre o 1 de xaneiro e o 31 de decembro de 2026, coa finalidade de colaborar na difusión de traballos de interese para a permanencia, o recoñecemento e a identidade da cultura galega a través do tempo e que contribúan ao enriquecemento do patrimonio bibliográfico provincial.

Este programa de subvencións financiarase con cen mil euros (100.000,00 €), con cargo á aplicación 26/332.3322.789.00 do Orzamento provincial. O importe máximo da subvención para cada edición non poderá exceder o 70 % do orzamento total. No caso de publicacións en papel, non superará os 3.500,00 euros e, no de edicións en formato audiovisual, non excederá os seis mil 6.000,00 euros. Para as edicións mixtas, que inclúan publicacións en papel e en formato audiovisual, o importe total subvencionado non será superior aos 8.000,00 euros.

Poderán beneficiarse destas axudas as entidades sen fins de lucro con domicilio social na provincia de Pontevedra. As publicacións editaranse exclusivamente en galego normativo, serán de interese municipal, provincial ou comarcal, en relación coa provincia de Pontevedra, inéditas e publicaranse durante o 2026.

O prazo de presentación de solicitudes será dun mes, contado a partir do día seguinte ao da publicación da convocatoria no BOPPO e na BDNS.

6.- DAR CONTA DAS BASES DE SUBVENCÍONS PARA A CREACIÓN, O MANTEMENTO E O REFORZO DOS SERVIZOS DE NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA DIRIXIDAS AOS CONCELLOS E A OUTRAS ENTIDADES LOCAIS DA PROVINCIA DE PONTEVEDRA PARA O ANO 2026 (Expte. 2025080613)

O presidente dá conta das bases de subvencións para a creación, o mantemento e o reforzo dos Servizos de Normalización Lingüística (SNL) dirixidas aos concellos e a outras entidades locais da provincia de Pontevedra para o ano 2026, aprobadas pola Xunta de Goberno desta Deputación,



na súa sesión ordinaria do 30 de xaneiro de 2026 e publicadas no BOPPO núm. 24, de 5 de febreiro de 2026. Estas bases teñen por obxecto aprobar a convocatoria pola que se rexerá a concesión, seguimento e xustificación das axudas económicas, en réxime de concorrência non competitiva, destinadas a crear, manter e reforzar os SNL dos concellos de menos de 50.000 habitantes e doutras entidades locais da provincia no período que abrangue do 1 de xaneiro ao 31 de decembro de 2026. A concesión das subvencións estará suxeita á dispoñibilidade orzamentaria e farase con cargo á aplicación 26/334.3340.462.04 do Orzamento provincial por un importe total de douscentos mil euros (200.000,00 €).

Poderán solicitar estas axudas para a creación dun SNL os concellos da provincia de Pontevedra de menos de 50.000 habitantes ou as agrupacións de concellos, mancomunidades ou entidades locais da provincia, mentres que as axudas para o mantemento ou reforzo do mesmo poderán solicitalas eses mesmos concellos e entidades, pero que no momento da publicación desta convocatoria teñan creado e en funcionamento un servizo lingüístico e os que queiran melloralo contratando persoal a maiores ou incrementar a xornada do persoal existente.

Nas axudas para a creación de SNL, a Deputación achegaralle a cada entidade solicitante (concello, mancomunidade, entidade local menor ou agrupación de concellos) o 100 % do orzamento de gastos de persoal do SNL no caso de creación do servizo, ata un máximo de 35.000,00 euros, co compromiso adquirido de manter o devandito servizo nas dúas anualidades seguintes e de dotalo nos seus orzamentos económicos coas cantidades correspondentes polas porcentaxes restantes do seu custo salarial. Nas axudas para o mantemento e reforzo de SNL, a Deputación achegaralle a cada entidade solicitante o 80 % do orzamento de gastos de persoal do SNL no caso de mantemento do servizo, ata un máximo de 25.000,00 euros.

O prazo de presentación de solicitudes será dun mes, contado a partir do día seguinte ao da publicación da convocatoria no BOPPO e na BDNS.

7.- DAR CONTA DO FALLO DO I PREMIO CASTELAO DE TEXTOS TEATRAIS DA DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA 2025 (Expte. 2025029488)

O presidente dá conta da acta do xurado na que se outorgou o I Premio Castelao de Textos Teatrais da Deputación de Pontevedra, da que se adoptou acordo e deu conta na Xunta de Goberno desta Deputación provincial, na súa sesión ordinaria do 6 de febreiro de 2026, co seguinte contido:

“ACTA DO XURADO DO I PREMIO CASTELAO DE TEXTOS TEATRAIS DA DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA

Na sala de xuntas desta Deputación provincial, ás 11:30 h do 29 de xaneiro de 2026, reúnen os membros do xurado do I Premio Castelao de Textos Teatrais da Deputación de Pontevedra, baixo a presidencia de Luis López Diéguez, presidente da institución provincial, e das e dos seguintes vogais: Ana Carreira Varela, actriz, dramaturga e narradora oral; María Cristina



Domínguez Dapena, docente e directora teatral; Vanesa Martínez Sotelo, actriz e dramaturga; Francisco Javier Núñez Alonso, director do Centro Dramático Galego e Antonio Pena Abal, docente e escritor.

Asiste como secretario e da fe do acto Carlos Cuadrado Romay, secretario xeral do organismo provincial.

O presidente inicia a reunión agradecéndolles a súa presenza ás persoas que o integran e lembrando que neste día —data do aniversario de nacemento de Alfonso Daniel Rodríguez Castelao— darase a coñecer nun acto público o veredicto deste premio, co que se recoñece a figura de Alfonso Daniel Rodríguez Castelao como un dos grandes referentes da cultura, da política e da identidade galega.

O secretario lémbbralles o contido da base cuarta da convocatoria, no referente á presentación da documentación.

Tras a deliberación, o xurado acorda que, pola súa orixinalidade, temática, uso da lingua e estrutura teatral, a obra gañadora do I Premio Castelao de Textos Teatrais da Deputación de Pontevedra é Khôra, presentada co lema “O espazo que habito”.

O xurado seleccionou por unanimidade esta obra, da que destaca a súa temática social que amosa problemas da contemporaneidade desde unha concepción distópica.

A calidade na escrita reflíctese a través dos diálogos e da caracterización das personaxes. Por último, o xurado salientou a axilidade, novidade e organicidade formal da estrutura para transmitir o paso do tempo e o xeito de converter este e o territorio, neste caso a cidade de Vigo, en protagonistas da peza.

O secretario abre o sobre B, Documentación, do citado lema, onde figura que o autor da obra Khôra é José Luis Baños de Cos.

Unha vez comprobada a documentación presentada, o presidente do xurado proclama a obra Khôra , de José Luis Baños de Cos, gañadora do I Premio Castelao de Textos Teatrais da Deputación de Pontevedra.

Sen máis asuntos que tratar, a presidencia dá por rematado o acto, ás 12 h, e todas as persoas asistentes asinan esta acta, da que eu, como secretario, dou fe.”

O que lle comunico a Vde. para o seu coñecemento e efectos, coa salvidade que establece o art. 206 do RD 2568/86, de 28 de novembro.



8.- DAR CONTA DAS BASES REGULADORAS DO CONCURSO DE PROXECTOS, CON INTERVENCIÓN DE XURADO, PARA A SELECCIÓN DO COMISARIADO DA 33ª BIENAL DE PONTEVEDRA (Expte. 2025063411)

O presidente dá conta das bases administrativas e técnicas do concurso de proxectos, con intervención de xurado, para a selección do comisariado da 33ª Bienal de Pontevedra. O obxecto do concurso é seleccionar a mellor proposta que, pola súa adecuación, calidade e viabilidade, sexa valorada a xuízo do xurado, para o comisariado da 33ª Bienal de Pontevedra, prevista a súa celebración entre os meses de maio e agosto de 2027, de acordo coas previsións contidas nas bases técnicas e administrativas que rexen o procedemento, documentos con CSV: T61VQ54E5COUBL6A e IPXXB8BEKHKBRE9.

Este concurso pertence á modalidade prevista no artigo 183.2 a) da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, que se refire aos concursos de proxectos organizados no marco dun procedemento de adxudicación dun contrato de servizos, nos que eventualmente se poderán conceder premios ou pagos. O concurso contará dunha única fase, na que o xurado designado ao efecto avaliará todas as propostas de proxecto presentadas por aqueles concursantes que participen no concurso.

O valor estimado (sen o IVE) do concurso de proxectos, conforme ao previsto nos artigos 101 e 183.4 LCSP, ascende a 60.339,10 euros, que é o resultado dos pagos á proposta gañadora en concepto de premio e o valor estimado do contrato de servizos de comisariado da 33ª edición da Bienal de Pontevedra que poderá adxudicarse posteriormente, se así o decide a Deputación, do que se exclúe aos efectos do cálculo o importe do primeiro premio (10.000,00 €, que en caso de adxudicarse o contrato terá o carácter de pago a conta).

- Pagos ó gañador en concepto de premio: 10.000,00 €
- Contrato de servizos do comisariado da 33ª edición da Bienal de Pontevedra que pode adxudicarse posteriormente, se así o decide a Deputación (excluído aos efectos do cálculo o importe do primeiro premio, que terá carácter de pago a conta): 50.339,10 €
- Valor estimado (sen o IVE) 60.339,10 €

O financiamento executarase con cargo ás aplicacións orzamentarias 333.3341.227.99 e 333.3341.226.99 das anualidades 2026 e 2027 conforme se recolle nas bases.

O prazo de presentación de solicitudes será de 20 días naturais contados dende o día seguinte ao da publicación do anuncio de licitación do contrato no perfil do contratante.

9.- DAR CONTA DAS BASES REGULADORAS E CONVOCATORIA DO CONCURSO DE MICRORRELATOS AUDIOVISUAIS MICROMUSEO PARA O ANO 2026 (Expte. 2025074840)

O presidente dá conta das bases reguladoras e convocatoria do Concurso de Microrrelatos audiovisuais MicroMuseo para o ano 2026, publicadas no BOPPO núm. 16, do 26 de xaneiro de



2026, que rexen as solicitudes de participación en dito concurso, o cal ten como fin promover e apoiar a cultura e implicar directamente a comunidade escolar para contribuír ao coñecemento do valioso patrimonio cultural da provincia de Pontevedra que se atopa no Museo de Pontevedra.

Poderán optar a estes premios os centros escolares de educación primaria, secundaria, bacharelato e formación profesional, situados na provincia, que participarán en tres categorías segundo a idade e curso escolar. O concurso consistirá na presentación dun microrrelato en formato audiovisual e lingua galega, o cal non deberá superar os 300 segundos (5 minutos). Teranse como eixes temáticos ou argumentais, de entre a gran variedade dos seus fondos, as obras relacionadas co mundo do mar que custodia e expón o Museo de Pontevedra no Edificio Castelao.

Os premios están dotados cun importe total de nove mil euros (9.000,00 €), contía con cargo á aplicación 26/333.3330.481.02 do Orzamento provincial, e con catálogos e bibliografía relacionados con esta temática, a repartir entre as diferentes categorías. O prazo de solicitude para participar remata o 22 de maio do presente ano.

10.- ROGOS E PREGUNTAS

Non se produciron.

Non habendo máis asuntos que tratar, dáse por concluída a reunión ás 12:30 horas do mencionado día, do que eu como secretaria dou fe.

